A metodoloxía a empregar vai ser a mesma con todo o alumnado do grupo, pero os exercicios e tarefas propostos terán apartados de distinta dificultade para que cada alumno, segundo o seu nivel, poida ir acadando unha avaliación positiva na realización dos mesmos.

Utilizarase o libro de texto indicado na listaxe de libros para este curso. Utilizarase este libro como punto de partida e tamén como fío condutor, combinado sempre con outras actividades deseñadas polos profesores nas que o alumnado teña que utilizar as TIC.

En cada unidade intentarase proceder da mesma maneira:

- Comezarse a unidade introducindo vocabulario a través de distintas actividades elaboradas a partir dun tema que se propón ao comezo de cada unha.
- Sobre ese tema, o alumnado lerá un texto para desenvolver a comprensión lectora mediante uns exercicios adaptados a tal fin. Estes textos tamén introducirán unha estrutura gramatical determinada que se explicará ou se revisará na clase e sobre a que se farán varios exercicios ou tarefas que serán avaliadas.
- Faranse prácticas de listening a partir dos audios e vídeos do libro de texto.
- O/a profesor/a tentará incentivar o alumnado utilizando o inglés como vehículo de comunicación, e tomando nota cada vez que se comuniquen utilizando dita lingua. Tanto na clase, como a través da Aula Virtual, cada trimestre o alumnado terá que presentar un Speaking sobre un topic proposto polo profesor que será avaliado
- Faranse prácticas de writing seguindo os modelos do libro de texto, cada alumno elaborará as súas propias tarefas de writing que serán avaliadas.

- Seguiremos cunha lectura obrigatoria nos dous primeiros trimestres, as lecturas faranse na casa e as actividades ou tarefas serán avaliadas polos profesores.

Para valorar a práctica destas actividades cómpre observar os distintos exercicios que o profesorado irá colgado nas respectivas aulas virtuais. Do mesmo xeito, todas as tarefas e traballos entregados polo alumnado, van ser valoradas ou puntuadas polo/a profesor/a correspondente. Ademais de todo isto, terase en conta a participación e o traballo diario de cada alumno.

As nove unidades do Student's Book divídense en seccións de vocabulario, gramática e habilidades. Hai dous textos por unidade baseados en material auténtico. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático contextualizado en cada unidade e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades, o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección Optional Grammar Extension, que contén explicacións de puntos gramaticais adicionais exercicios para practicalos.

Tamén se proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada unidade inclúe un vídeo Life Skills con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as unidades que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados unidade a unidade para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

A Interactive Classroom atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai tres seccións de repaso (Reviews) no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática.

A sección Fast Finishers, con práctica adicional para consolidar o vocabulario e a gramática aprendidos, aparecen ao final do Student's Book para aqueles alumnos/as que necesiten un desafío extra.

A sección Culture Quizzes, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparecen ao final do Student's Book. Nelas relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo angloparlante e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo cultural que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

Os proxectos colaborativos atópanse ao final do Student's Book. Cada un está vinculado a unha unidade e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, cada proxecto inclúe unha Techno Option.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Teamwork 1 Student's Book
Versións dixitais do libro
Interactive Student Teamwork 1
Materiais impresos e dixitais de Teamwork 1 All-in-One Pack
Libro de lectura graduada
Computadora, canón, autofalantes e pizarra dixital
Diferentes plataformas educativas

Webquests
Dicionarios Online
Aula Virtual
Dicionarios físicos en cada aula
Biblioteca de aula
Internet e páxinas web

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

- 1.- Libro de texto Teamwork 1 Student's Book.
- 2.- Libro de exercicios Teamwork Workbook.
- 3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
- 4.- Interactive Student Teamwork 1.
- 5.- Materiais impresos e dixitais de Teamwork 1 All-in-One Pack.
- 6.- Aulas virtuais de cada grupo, onde repasar a gramática e o vocabulario.
- 7.- Vídeos explicativos de tarefas de expresión oral e escrita.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL:

1. A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test de diagnóstico que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.

Nos primeiros días do curso académico realizarase unha avaliación inicial para coñecer o nivel dos nosos alumnos avaliando tanto a capacidade de expresión oral como a comprensión. A información recollida polo profesor permitiralle detectar os problemas e procurar as medidas pertinentes.

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

A principio de curso o departamento fai unha avaliación inicial ao alumnado para axustar a programación. A través da análise dos informes elaborados o curso pasado e dos resultados da avaliación inicial tentarase detectar as carencias e necesidades do alumnado para determinar os aspectos que deben reforzarse en cada caso e determinar o alumnado con necesidades específicas.

Nas probas de avaliación inicial as tarefas divídense en dous grupos, por un lado coñecementos lingüísticos e de vocabulario, e por outro comprensión oral e escrita e expresión escrita. Os contidos e propostas das diversas probas sempre se basearán en materia impartida no curso anterior.

As probas realizadas en cada nivel así coma os resultados de ditas probas e a súa valoración serán recollidas nas actas de departamento para analizar propostas de mellora.

Acórdase empregar as probas de diagnóstico do libro do profesor de cada nivel.

Deste xeito, vemos necesario revisar e reflexionar os instrumentos de avaliación que nos axuden a diagnosticar e intervir na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. A nosa proposta consiste no desenvolvemento de rúbricas ou plantillas de avaliación como recurso para una avaliación inicial e formativa e como instrumento de orientación e participación na aprendizaxe.

Procedemento: O alumnado marca o que pensan sobre as súas fortalezas ou debilidades no idioma. A continuación o profesor entregaralles os tests correspondentes a cada destreza: expresión e comprensión oral, e expresión e comprensión escrita. Isto permitirá desvelar as competencias adquiridas e capacidades do alumno, o que alumno sabe (e non só o que o alumno recorda).

En caso de resultados negativos proporanse actividades que faciliten a súa adquisición ou plans de reforzo individualizados.

AVALIACIÓN:

2. A avaliación será individual e atenderá á diversidade.

3. No proceso de avaliación teránse en conta as catro destrezas da lingua: expresión oral, comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita.

4. Valorarase o traballo diario do alumnado:

- comprobación do caderno de clase ou dossier de traballo: valoraranse a boa presentación e todos os traballos que deben constar neles.
- redaccións asignadas en cada trimestre
- proxectos grupais, colaborativos ou individuais que impliquen o uso das TICS
- traballos ou controis sobre obras de lecturas graduadas.

5. Avaliarase o seu interese, actitude, o esforzo e participación activa na aula:

- materiais necesarios para o traballo diario , fomento dun clima agradable na clase.
- participación activa nas actividades propostas na clase , actividades voluntarias.
- valoración do grao de interese e motivación amosado por cada alumn@.

6. Características das probas:

- A técnica da proba non será descoñecida: realizaranse con anterioridade ás probas exercicios similares na aula, e incluso se os alumnos o solicitan, pódenselles proporcionar modelos de exame de curso anteriores para que se familiaricen co tipo de exame.
- A probas versarán sobre os contidos asignados en cada trimestre.
- A cualificación outorgada a cada exercicio aparecerá especificada na proba.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	10	10	13	10	10	13	10	10	13
Proba escrita	53	53	53	53	53	53	53	53	67	53
Táboa de indicadores	47	47	47	47	47	47	47	47	33	47

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	54
Táboa de indicadores	46

Criterios de cualificación:

A. PROBAS ESCRITAS E ORAIS: 60%

- Comprensión de textos orais (listening comprehension): 15%
- Estructuras sintáctico-discursivas e léxico (grammar and vocabulary): 20%
- Produción de textos escritos: expresión e interacción (writing): 10%
- Expresión e interacción oral (speaking and interaction): 10%
- Comprensión lectora textos escritos (reading comprehension): 5%

*Haberá dous exames escritos e un exame de expresión e interacción oral en cada trimestre

B. TRABALLOS E ACTIVIDADES TANTO NA CLASE COMO FÓRA DELA: 35%

Os instrumentos que os profesores/as utilizaremos para avaliar esta parte poderán consistir en:

- Comprobación de dossier de traballo: 10%
(cartafol coas redaccións asignadas, fichas de repaso, etc, ou caderno de clase)
- Groupwork or Individual work: proxectos cooperativos ou persoais que impliquen o uso das tics: 10%
- Graded-readers: traballos ou controis sobre obras de lectura: 15%

[proba de lectura (10%) + actividades do libro (5%)]

* Restaranse 0,50 puntos por cada actividade, redacción asignada, ficha de repaso ou de consolidación, etc...que o alumno non inclúa

C. ACTITUDE, ESFORZO E PARTICIPACIÓN: 5%

- Attitude: materias necesarios para o traballo diario, fomento dun clima agradable na clase
- Participation: participación activa nas actividades propostas na clase, actividades voluntarias
- Interest/Motivation; valoración do grao de interese e motivación amosado por cada alumno

* Restaranse 0,25 puntos por cada valoración negativa en calquera dos tres apartados

A cualificación final en cada avaliación obtense da suma das notas obtidas nos apartados A, B e C.

En caso de non ser así, a cualificación final non incluírá as cualificacións dos apartados B e C.

A cualificación final do curso será o resultado ponderado polo valor otorgado as diferentes avaliacións, que é o seguinte:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

Os aprobados en xuño serán as notas resultantes iguais ou superiores a 5.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

O alumnado realizará unha proba escrita na que se examinará dos seguintes aspectos:

- Reading (comprensión lectora): 25 % da nota
- Writing (expresión escrita): 25 % da nota
- Vocabulary (vocabulario): 25 % da nota
- Grammar (gramática): 25 % da nota

Para facilitar o repaso sistemático da materia, o departamento ofrecerá un plan de recuperación para o alumnado suspenso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Plan de Reforzo para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que promocióne de curso con materias pendentes será o seguinte:

1.-Datos de identificación do alumno/a: Nome e apelidos; Etapa educativa; Curso; Ámbito/Materia.

2.-Información relevante sobre o ámbito/materia sen superar.

-A materia de lingua inglesa é unha materia con contidos progresivos que ofrece múltiples posibilidades para a súa revisión e recuperación no curso actual.

-Toda a materia se repartirá en dúas convocatorias que recollerán os obxetivos e contidos mínimos para cada

curso e que se axustarán ao modelo de exercicios planificados para a súa recuperación

3.- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

Realizaranse:

-Dúas probas escritas (novembro e marzo) de vocabulario, gramática, reading (comprensión lectora) e writing (expresión escrita) cun valor de 5 puntos, e unha proba extraordinaria en maio.

- un boletín de reforzo e repaso para cada proba, cun valor máximo de 3 puntos.

- vaise valorar a actitude, o interese e a motivación, cun valor máximo de 2 puntos.

4.- Extratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento:

-Acordouse nunha reunión de Departamento a adaptación das probas para todo o alumnado coa materia pendente.

-Repaso e reforzo continuo no curso, con actividades axeitadas ao nivel do alumno.

5.- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Boletín de actividades elaborado polo Departamento.

6.- Tarefas a realizar, coa debida temporalización:

- Boletíns de repaso correspondentes a cada proba de pendentes, que se lle entregará ao alumnado con suficiente anterioridade.

7.- Seguimento e avaliación:

- O profesor que imparte a materia no curso actual é o encargado de corrixir e de avaliar o boletín, e de puntuar a súa actitude, interese e motivación.

- Ao longo do curso estará sempre á súa disposición para a resolución de dúbidas.

8.- Acreditación da información á familia:

- Envío dunha carta informativa con acuse de recibo a cada familia, tamén dispoñible na web do centro con toda a información sobre a realización das probas.

- Información na web do centro das datas de cada proba de pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade: A capacidade para aprender a aprender Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un/ha. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso. Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel. A motivación para aprender A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que se segue. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos. Para levar a cabo a selección dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abranguendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna. Os estilos de aprendizaxe Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como ben se sabe, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar conscienciadamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática que se aprendeu. Isto complementase con táboas gramaticais na sección Optional Grammar Extension (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que os/as axudan a aprender e repasar o que se presentou paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprenderen. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe. Tamén se prestou unha atención especial á "modalidade sensorial preferente" dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posíbeis maneiras de levar á práctica o que se aprendeu. Os intereses dos alumnos/as O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros/as, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book coma no Workbook. Ao final do Student's Book incluímos un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un

apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así coma un apéndice gramatical e unha guía de escrita na lingua materna dos alumnos/as para os/as que necesiten apoiarse máis na presentación teórica. No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por unidade (Progress Check e Standards Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Teamwork4 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así coma os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook. Con este método preséntase a ferramenta IS Interactive Student, que inclúe diferentes ferramentas para axudar na aprendizaxe dos/as estudantes: Flipped Classroom subministra aos alumnos/as a oportunidade de preparar as actividades de vocabulario e gramática antes de asistir a clase. Wordlist and Activities inclúe unha listaxe interactiva de palabras e actividades para practicar a ortografía e o vocabulario. Extra Practice conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática que se estudaron no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Dialogue Builders ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Techno Help subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student's Book. Life Skills and Culture Videos permiten aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite ao profesorado seguir o traballo de cada estudante. WordApp ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles practicar e consolidar o vocabulario no momento en que queiran. O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, alén de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase. O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así coma exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais, ofrece nove exames (un por unidade) con dous niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais e tres exames de competencias clave, para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén subministra un exercicio engadido por unidade de expresión oral para realizar en parella ou en grupo. E ademais inclúe follas de traballo, que se dividiron da seguinte maneira:

- Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o que se presentou na unidade.
 - Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos que se adquiriron dunha maneira máis significativa e motivadora. O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos/as estudantes. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:
1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
 2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
 3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
 4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
 5. Actividades de reforzo e consolidación.
 6. Aprendizaxe por Proxectos.
 7. Traballo colaborativo.
 8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
 9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
 10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. O equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan. f

) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Actividades de ampliación e reforzo

- O profesor proporcionará actividades de ampliación para alumnos que terminan antes o seu traballo, así coma pistas para a explotación dos proxectos e das historias, atendendo sempre ás necesidades que mostran os alumnos, e permitindo que cada un traballe de acordo co seu ritmo e nivel lingüístico.

- Despois da avaliación de diagnóstico a principio de curso, o profesor entregará aos alumnos que o precisen material de reforzo para que revisen os puntos nos cales atoparon maior dificultade.

- Con carácter xeral as adaptacións curriculares non serán significativas, senón procedimentais, onde os distintos niveis de desenvolvemento dos mesmos contidos poden ser perfectamente válidos.

- Cando as adaptacións curriculares sexan significativas, o Departamento de Inglés solicitará a información precisa ao Departamento de Orientación para a súa realización.

- Neste curso podemos facer unha hora de apoio na aula nos 4 grupos de 1º ESO. Debe haber unha total coordinación entre o profesorado que imparta eses grupos, realizando un caderno de aula. Este caderno de aula será compartido polo/a profesor/a titular co/a profesor/a encargado/a dos desdobres / apoios e coa XD.

Medidas aplicables aos alumnos con DISLEXIA, DEA ou TDAH

O artigo 7 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, prevé asegurar as medidas necesarias para que os alumnos con dislexia, dificultades específicas de aprendizaxe (DEA) ou con trastorno por déficit de atención e hiperactividad (TDAH) poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. En virtude do anterior, para facilitar a adopción das medidas recollidas nas instrucións, contarase coa colaboración do Departamento de orientación. Nas probas e outros instrumentos de avaliación este departamento adoptará medidas aplicables aos alumnos con dislexia, DEA ou TDAH, que se recollen no seguinte cadro:

Tipos de medidas Descrición das medidas Medidas acordadas

Adaptación de tempos

- O tempo de cada exame poderase incrementar dependendo das necesidades educativas de cada alumno/a
- Axudarase a controlar o tempo, recordandode vez en cando o tempo que queda
- Deixarase máis tempo para a realización das probas escritas, non descartar dividilas en dúas sesións
- Ir dándolle as preguntas progresivamente e recoller as anteriores

Adaptación do modelo de exame

- Poderase adaptar o tipo e o tamaño da fonte no texto do exame
- Preguntas separadas e organizadas en bloques
- Permitirase o uso de follas en branco
- Poderase inxerir elementos gráficos (imaxe, esquema..) de apoio
- Modificarase o formato da pregunta: tipo test, preguntas curtas....
- Reducirase o número de preguntas por folla de exame
- Poderase poñer un exemplo de como realizar o exercicio

Adaptación da avaliación

- Utilizaranse instrumentos e formatos variados de avaliación dos aprendizaxes: probas orais, escritas, de resposta múltiple, etc.
- Reduciranse os apartados procedimentais, unha menor cantidade de exercicios
- Poderanse flexibilizar os criterios de cualificación da materia

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X	X			
ET.4 - Competencia dixital		X		X				
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X					
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico						X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X				X		
ET.8 - Igualdade de xénero							X	
ET.9 - Creatividade			X				X	
ET.10 - Educación de calidade			X					
ET.11 - Saúde e benestar							X	X
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura		X						
ET.13 - Producción e consumo responsábeis				X				
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres								X
ET.15 - Vida submarina								X
ET.16 - Acción polo clima					X		X	X
ET.17 - Traballo decente e crecemento económico				X	X			
ET.18 - Fame cero					X			
ET.19 - Fin da pobreza					X			
ET.20 - Redución das desigualdades								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		
ET.4 - Competencia dixital		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		
ET.7 - Educación emocional e en valores		
ET.8 - Igualdade de xénero		
ET.9 - Creatividade		X
ET.10 - Educación de calidade		
ET.11 - Saúde e benestar		
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura	X	
ET.13 - Producción e consumo responsábeis		
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres		
ET.15 - Vida submarina		
ET.16 - Acción polo clima		
ET.17 - Traballo decente e crecemento económico		
ET.18 - Fame cero		
ET.19 - Fin da pobreza	X	
ET.20 - Redución das desigualdades	X	

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

A aula facilita o contexto idóneo para poder compartir opinións, solucionar problemas, discutir, cumprir regras sociais, etc... Estas experiencias son a base para ir adquirindo uns valores, unhas habilidades para resolver problemas e unhas estratexias sociais. A educación en valores aparece a través dos seguintes temas transversais:

- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos
- Educación ambiental
- Educación sexual
- Educación para a saúde
- Educación do consumidor
- Educación viaria

A situación social actual leva a incluír outros novos, referidos á multiculturalidade, a tolerancia, o respecto dos Dereitos Humanos, etc... que se englobarían nun xeral sobre a Educación para a convivencia e a tolerancia. Impulsaremos as experiencias que permitan aos alumnos vivir os valores de responsabilidade, solidariedade, tolerancia e respecto, e que non actúe só como a autoridade responsable de manter a orde establecida. Hai actividades enfocadas a promover a cooperación (traballo en grupo), a autoafirmación (exposición e debate de opinións) Tamén fóra da aula se poden levar a cabo actividades nas que se impliquen outros departamentos. Tratarase de organizar actividades que afecten o conxunto do centro, e mesmo que promovan a cooperación con outros centros. Así serían valiosas as seguintes actividades que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, Día da Muller Traballadora, Día Contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos Humanos, etc...) pois son ocasións que permiten remarcar a importancia de certos contidos educativos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Para festexar o Halloween, o alumnado fará lecturas e visionado de vídeos, e escribirá historias de terror. O obxectivo desta actividade é promover a competencia artística e a creatividade facendo uso da lingua estranxeira	X		
Let's dance, let's sing	Para festexar o día da patrona da música Santa Cecilia, o alumnado asistirá a unha actividade levada a cabo polo noso auxiliar de conversa Denis O'Toole. Aprenderemos as diferenzas entre a gaita galega e a irlandesa, e a bailar unha danza tradicional irlandesa	X		
Concurso de postais de San Valentín	Concurso de postais en colaboración cos outros departamentos de linguas e a biblioteca, onde se valorará a parte artística e plástica e a parte creativa e lingüística. O obxectivo desta actividade é promover a creatividade e a competencia artística facendo uso da lingua estranxeira.		X	
Groundhog Day (Día da marmota)	O departamento participará nesta actividade onde se vai diseñar un roteiro cultural para profundizar no coñecemento do concello de Boiro. O obxectivo desta actividade é promover o respecto e interese polas tradicións, historia e cultura do noso pobo		X	
Saint Patrick's Day	O alumnado terá a oportunidade de ver vídeos e ler textos sobre a orixe desta celebración		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
April Fool's Day	O alumnado terá a oportunidade de ver vídeos e ler textos sobre a orixe desta celebración			X
May Day	O alumnado terá a oportunidade de ver vídeos e ler textos sobre a orixe desta celebración			X

Observacións:

O Departamento de Inglés estará tamén pendente das actividades organizadas polos demais departamentos do instituto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
7. A metodoloxía empregada considérase idónea , e as clases foron participativas.
8. Propiciouse o traballo en grupo.
9. Favoreceuse a interacción alumno-profesor.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6. O profesorado do departamento coñece e empregou os recursos didácticos do departamento, do centro e do contorno escolar.
Medidas de atención á diversidade
5. As medidas complementarias empregadas co alumnado con dificultades de aprendizaxe foron (dicir cales foron) e demostráronse útiles.
Clima de traballo na aula
2. As relacións entre o profesorado do departamento e o alumnado dentro da aula, en xeral, foron boas.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Outros
1. A coordinación entre o profesorado do departamento, en particular entre os que imparten os mesmos niveis, no desenvolvemento da programación foi satisfactoria.
3. A información transmitida ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe foi satisfactoria.
4. O coñecemento polo alumnado dos criterios e instrumentos de avaliación facilitou a súa autoavaliación.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será:

Sempre Ás veces Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora .

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos. Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos. O profesorado implicado nos desdobres de 1º, 3º e 4º e nos apoios levará a cabo unha maior coordinación entre eles, e para coordinar os desdobres realizarán un caderno de aula coas actividades levadas a cabo por cada profesor para facilitar dita coordinación . O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora). Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Somos conscientes de que na realidade de cada centro educativo, a programación realizada axeitadamente mellorará a coordinación e coherencia entre os profesores, reducindo a incertidume e a improvisación. É por isto polo que cremos de sumo interese que se faga una avaliación final da mesma co fin de propoñelos cambios precisos para o seguinte curso. A proposta do Departamento de Inglés para acadar este fin é a que segue:

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Os obxectivos xerais da materia estiveron suficientemente adaptados á realidade do centro?
2. Quedaron suficientemente explicados os contidos que corresponden a cada un dos cursos?
3. Os contidos seleccionados, contribuíron a desenvolver os obxectivos de etapa?
4. Á vista dos resultados obtidos, debería replantexarse a adecuación ós obxectivos xerais da etapa?

2. TEMPORALIZACIÓN

5. Seguiuse a programación plantexada?
6. Tívoise que modificar a planificación inicialmente prevista?
7. Foi axeitada a temporalización que se fixo dos contidos ó longo do curso?
8. Sería aconsellable unha temporalización diferente da actual?

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9. Estiveron claramente establecidos os obxectivos que o Departamento considerou prioritarios, básicos ou fundamentais para ser adquiridos polos alumnos, de tal maneira que a súa consecución supoña a superación da materia?
10. Á vista dos resultados obtidos, haberá que replantexarse os criterios de avaliación?

4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

11. Fíxose unha avaliación inicial?
12. Os profesores usaron procedementos de avaliación acordes coas características da materia?

5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

13. Usáronse instrumentos de avaliación acordes cos procedementos de avaliación establecidos na materia?

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

15. Estaban fixadas con anterioridade as actividades complementarias e extraescolares que os profesores se propoñían realizar ó longo do curso?

16. Coñecíaas o alumnado?

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

17. Tiveron claro os alumnos o procedemento polo que se chegou a esa cualificación?

18. Á vista dos resultados obtidos, habería que replantexarse os criterios de promoción?

8. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE

19. Déronse a coñecer os criterios e estratexias ó principio de curso ós alumnos?

20. Á vista dos resultados obtidos, habería que replantexarse estes criterios e estratexias para o curso seguinte?

Escalas de valoración

1

2

3

4

5

Moi pouco

Pouco

Regular

Bastante

Moito

Moi insuficiente

Insuficiente

Suficiente

Ben

Moi ben

Nunca

Rara vez

Ás veces

Case sempre

Sempre

En ningún caso

Nalgún caso

En bastantes casos

Na maioría dos casos

En todos os casos

9. Outros apartados

1. Detalles

1. Neste curso, non teremos un ou unha auxiliar de conversa nativa, xa que non nos foi asignada.